

DECRETO NÚMERO 15002346 do 26/03/2015

Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

Con data do 09.07.08, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo nº 15/670 de aprobación das bases que rexerán a cobertura interina de prazas de funcionario do Concello de Lugo nos supostos previstos no artigo 10 do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOP nº 170 do 24 de xullo de 2008.

Ditas bases foron modificadas polo acordo nº 7/378 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 27.06.2012 e publicado no BOP nº 171 de 26 de xullo de 2012.

No primeiro punto da parte dispositiva de dito acordo establececese que, unha vez finalizados os procesos selectivos para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira, confeccionaranse unhas listas pola orde de puntuación acadada por cada un dos aspirantes que non superaron éste, tendo en conta que para estar incluído nestas listas tense que ó menos terse superado o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todos os que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionaranse as listas para a cobertura de interinidades.

Figurando no punto segundo, que as listas estarán vixentes ata a convocatoria dun novo proceso selectivo para a cobertura de prazas en propiedade no Concello de Lugo na categoría de que se trate ou ata que calquera dos que estean lexitimados para estar presentes na Mesa de Negociación insten a modificación deste acordo.

Con data do 16 de xuño de 2010, unha vez rematado o proceso selectivo para o acceso en propiedade dunha praza de Educador/a Social, foi publicado no Taboleiro de Anuncios deste Concello o seguinte anuncio:

“Unha vez rematado o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 praza de Educador/a Social, e de acordo coas bases que rexerán a cobertura interina de prazas de funcionario/a no Excmo. Concello de Lugo nos supostos previstos no artigo 10 do Estatuto Básico do Empregado Público, publicadas no BOP de Lugo do 24 de xullo de 2008, procédese a confeccionar a **lista para a cobertura interina de prazas de funcionario/a na categoría de Educador/a Social no Excmo. Concello de Lugo** que a continuación se indica:

CARBALLAL PÉREZ, ELENA MARÍA	17,66 PUNTOS”
------------------------------	---------------

De igual xeito, según o establecido no punto terceiro do acordo nº 7/378, no suposto de que non houberse aspirantes que superasen o primeiro exercicio do proceso selectivo correspondente tal e como figura no punto 1, ou categorías non convocadas para as que fora preciso confeccionar listas de interinidades, ou se o número de integrantes das listas resultante do proceso selectivo non fora suficiente, utilizarase o sistema de concurso oposición.

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 15drListaEducadorSocial(art10EBEP)

Asunto: public.lista interinidades Educador/a Social

Tendo en conta o anterior, ó resultar insuficiente a lista resultante do proceso proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 praza de Educador/a Social, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día oito de outubro de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o acordo número 10/717, relativo a aprobación das Bases do proceso selectivo para a cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do Estatuto Básico do Empregado Público, de prazas de Educador/a Social.

Polo Decreto da Alcaldía número 14009479 do 21/10/2014 resolveuse convoca-lo proceso selectivo para a cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do Estatuto Básico do Empregado Público, de prazas funcionario/a na categoría de Educador/a Social, de acordo coas bases aprobadas polo mencionado acordo da Xunta de Goberno Local, sendo o obxecto de dita convocatoria a elaboración dunha lista para a cobertura interina de prazas de funcionario/a na categoría de Educador/a Social, a cal completará a lista vixente na actualidade, a cal foi publicada o 16 de xuño de 2010 no Taboleiro de Anuncios deste Concello e, dende a que se irá chamando os/as candidatos/as pola orde de puntuación obtida por cada un/unha deles, cando sexa necesario proceder á cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do Estatuto básico do empregado público, de prazas funcionario/a na categoría de Educador/a Social.

Unha vez rematado o proceso selectivo, vistos os resultados que figuran nas actas das reunións celebradas polo Tribunal cualificador e visto que na acta da reunión do Tribunal celebrada o día 4 de marzo de 2015 figura:

(....)

O Tribunal, á vista dos resultados anteditos, propón a aprobación da listaxe de candidatos para a cobertura interina de prazas de Educador/a Social, pola orde seguinte:

Nº POSTO	APELIDOS E NOME	D.N.I	TOTAL
1	EXPÓSITO LÓPEZ FÁTIMA M ^a	33331557 ^a	19,85
2	BARBA NÚÑEZ MARÍA	33542308M	18
3	ARES GARCÍA ANTONIA	33545421J	16
4	VÁZQUEZ CARBALLAL PATRICIA	33546641Z	15,50
5	PENA VIÑAS MARÍA	33550738V	15,10
6	POLO PÉREZ PAULA	33345197G	14,50
7	VALENTÍN JIMÉNEZ SARA	03129027S	14,30
8	FONTAÍÑAS GÓMEZ SALETA	36154172N	13,70
9	GARCÍA FERREIRO NOELIA	76719550Z	13

(....)

Esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como en virtude do acordo nº 16/388 da Xunta de Goberno Local, do 29 de maio de 2013, e do decreto número 13008312, do 30 de agosto de 2013, modificado polos decretos números 14003100, 14004468 e 15000652, de datas do 31 de marzo de 2014, 12 de maio de 2014 e do 2 de febreiro de 2015, respectivamente, **RESOLVE:**

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 15drListaEducadorSocial(art10EBEP)

Asunto: public.lista interinidades Educador/a Social

Primeiro.- Aprobar, á vista da lista publicada no Taboleiro de Anuncios o día 6 de xuño de 2010 e da proposta do Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado polo Decreto número 14009479 do 21/10/2014, a listaxe de candidatos/as para a **cobertura interina de prazas de Educador/a Social**, dende a que se irá chamando os/as candidatos/as pola orde de puntuación obtida por cada un/unha deles/as, cando sexa necesario proceder a cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do Estatuto básico do empregado público, de prazas funcionario/a na categoría de Educador/a Social, e que, resulta ser a que a continuación se transcribe:

Nº POSTO	APELIDOS E NOME	D.N.I
1	CARBALLAL PEREZ, ELENA MARIA	33347389B
2	EXPÓSITO LÓPEZ FÁTIMA Mª	33331557A
3	BARBA NÚÑEZ MARÍA	33542308M
4	ARES GARCÍA ANTONIA	33545421J
5	VÁZQUEZ CARBALLAL PATRICIA	33546641Z
6	PENA VIÑAS MARÍA	33550738V
7	POLO PÉREZ PAULA	33345197G
8	VALENTÍN JIMÉNEZ SARA	03129027S
9	FONTAÍNAS GÓMEZ SALETA	36154172N
10	GARCÍA FERREIRO NOELIA	76719550Z

Segundo.- Que se proceda á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose saber que contra esta resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo, ou, a elección do demandante, ante aquel na circunscrición do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos de materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei 19/1998, do 13 de xullo). Malia o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de UN MES, a partir igualmente do día seguinte da súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que se estime conveniente ó seu dereito.

Cúmprase.